



## **Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)**

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

---

### **“ PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO LOCAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL ”**

#### **CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación**

O obxecto do contrato é a adxudicación da explotación do local ubicado no pavillón municipal para lavandería.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

#### **CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación**

A forma de adxudicación da concesión será o procedemento de concorrencia, no que calquera interesado poderá presentar una oferta.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando una pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establece no presente clausulado.

#### **CLÁUSULA TERCEIRA. Importe do contrato**

O importe deste contrato ascende á contía de 600,00 euros, máis o 21% de IVE.

O importe do contrato farase efectivo: antes do 15 de decembro de cada ano de duración desta concesión. O adxudicatario quedará exonerado do pago deste importe, sempre e cando o xustifique na realización de obras de mantemento do local.



## **Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)**

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

---

### **CLÁUSULA CUARTA. Duración do contrato**

A duración do contrato será de dez anos. Unha vez que finalice o prazo, reverterán no Concello todas as instalacións que constitúan os elementos fixos do local xunto con aqueles que sen ser fixos queden encaixados nalgún elemento do local, así como toda clase de melloras que puideran facerse durante o tempo que rixa a concesión.

Calquera obra, instalación ou mellora que pretenda facer o adxudicatario deberá ser autorizado polo Concello; en caso de autorizarse os gastos ocasionados serán de conta do concesionario.

### **CLÁUSULA QUINTA. Normas para a prestación do servizo**

Os horarios de apertura da lavandería serán aprobados polo Concello, en todo caso, serán os horarios fixados pola lexislación reguladora deste tipo de actividade.

Os gastos de subministro de luz ou análogos do local correrán a cargo do concesionario.

Os gastos de conservación das instalacións do local serán sempre a cargo do concesionario quen deberá mantelas en bo estado.

O concesionario quedará obrigado a contratar e pagar a todo o persoal necesario, que deberá ser suficiente para o normal funcionamento dos servizos, así como ó cumprimento da lexislación laboral.

Todo o persoal que preste os seus servizos no local deberá posuír o carné de manipulador de alimentos e o concesionario deberá estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e como autónomo na Seguridade Social.

O persoal que empregue o adxudicatario para estes servizos non terá relación laboral ningunha co Concello, por depender exclusivamente daquel, o cal terá todos os dereitos e obrigacións inherentes á súa calidade de empregador respecto do citado persoal, de conformidade coa lexislación vixente. O contrato a que se refire este Prego de condicións entenderase a risco e ventura do adxudicatario

### **CLÁUSULA SEXTA. Capacidade para participar na contratación**

Poderán concorrer a este procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, e profesional ou técnica, e non se atopen incurso nas causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar.



## Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

Os que acudan á licitación poderán facelo por sí ou por persoa autorizada, mediante poder bastante sempre que non se atopen incursos en causa de prohibición ou incompatibilidade.

Os licitadores poderán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa có obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente, e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

### **CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de proposicións e documentación administrativa**

As ofertas presentaranse no Concello, en horario de atención ao público, no prazo de **CINCO DIAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

As proposicións poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibiu a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar na denominación do sobre a lenda «**Proposición para licitar a contratación do servizo de lavandería no local do pavillón municipal**». A denominación dos sobres é a seguinte:



# Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

---

— Sobre «A»: Documentación administrativa.

— Sobre «B»: Proposición económica e outra documentación cuantificable.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

## *SOBRE «A»*

### *DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA*

**a) Documentos que acrediten a personalidade do licitador e a representación, no seu caso, do asinante da proposta, consistentes en:**

-Fotocopia cotexada do DNI, se é empresario individual, ou fotocopia cotexada da escritura de constitución ou modificación, da sociedade mercantil, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se é persoa xurídica; ou , no seu caso, fotocopia cotexada da escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, deberán acreditar a súa personalidade e capacidade, así como o poder que o habilita para elo, que será debidamente bastantado polo Secretario do Concello.

— No caso de concorrer á licitación varias empresas, constituíndo unha unión temporal, cada unha delas deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando o nome e circunstancias dos empresarios que suscriben as propostas , a participación de cada unha delas, designando a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da unión ante a Administración. Todo elo, sen prexuízo, da obriga das empresas agrupadas de acreditar ante a Administración, se resultaran adxudicatarias, a constitución da agrupación e o CIF da mesma.

**b) Una declaración responsable de non estar incurso na prohibición de contratar e que comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias, incluídas as do Concello, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.**

**b) Os documentos que xustifiquen o cumprimento da solvencia técnica ou profesional:**

-Titulación académica e profesional do empresario e, en particular , do persoal responsable da execución do contrato.



## Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

-Relación dos principais servizos ou traballos relacionados co obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados.

### c) Os documentos acreditativos da solvencia económica ou financeira

Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

d) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidera corresponder ao licitador.

e) **Domicilio:** Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser completada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

### SOBRE «B»

#### PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OUTRA DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE.

##### a) Proposición económica

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en representación

da entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, informado do expediente para a contratación do servizo de lavandería no local do pavillón municipal por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, anunciado no Perfil do Contratante fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do licitador

Asdo.: \_\_\_\_\_»

b) Documentos que permitan á mesa de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os criterios de adxudicación (Cláusula 9ª).

**CLÁUSULA OITAVA. Garantía provisional**



## Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

Non se esixe a prestación de garantía provisional.

### CLÁUSULA NOVENA. Criterios de adjudicación

Na valoración das diferentes propostas terase en conta:

- Mellor oferta económica..... Ata 10 puntos.

Valorarase de 0-10 puntos o incremento do prezo fixado de 600,00 euros, 1 punto por cada 100 euros que se incremente, ata un máximo de 1.000,00 euros.

- Maior experiencia neste tipo de actividades..... Ata 10 puntos.

- Realización de obras no local.....Ata 10 puntos.

Valorarase de 0-10 puntos a realización de obras, 1 punto por cada 500 euros que se incremente, ata un máximo de 5.000,00 euros.

### CLÁUSULA DÉCIMAº. Mesa de contratación

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.



## Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

Conforman a mesa de contratación os seguintes membros:

- **Presidente:** O Alcalde-Presidente do Concello.
- **Vogais:**
  - A Secretaria do Concello.
  - A Técnico Municipal.
  - Un concelleiro do equipo de goberno.
  - Un concelleiro da oposición.
- **Secretario:** Funcionario do Concello nomeado ó efecto.

### CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso, deberáselle dar audiencia ao contratista seguindo os trámites previstos no artigo 211 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

### CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Apertura de proposicións

A mesa de contratación constituirase o primeiro venres hábil despois da finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12 horas. Esta procederá á apertura dos sobres «A» e cualificará a documentación administrativa contida neles.

Se for necesario, a mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación achegada.

Procederá despois á apertura e exame dos sobres «B».



## **Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)**

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requirimento de documentación**

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa que, dentro do prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Garantía definitiva**

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía de 100,00-€ para responder ós valores de entradas e abonos que lle serán entregados.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo

b) Mediante aval

c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Adxudicación do contrato**

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos CINCO DIAS HÁBILES seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores.





## Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

### CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación definitiva; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

### CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

**a) Obrigacións:** Ademais das de carácter xeral previstas na lexislación vixente, especificamente impóñense ó adxudicatario as seguintes:

- Limpeza de local.
- Conservación e mantemento das instalacións.

**b) Dereitos:** En reciprocidade coas obrigacións detalladas anteriormente, ademais dos previstos no Regulamento de Servizos, os dereitos do adxudicatario serán:

- A explotación do local durante o período da concesión.
- A utilización dos bens de dominio público que sexan necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

### CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Execución do contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación.



## **Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)**

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Modificación do contrato**

Non se contempla.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Penalidades por incumprimento**

Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imponse penalidades en proporción de á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Resolución do contrato**

Serán causas de extinción do contrato, ademais do cumprimento do prazo as seguintes:

- a) O incumprimento das obrigacións que corresponden ó adxudicatario, de acordo co previsto neste prego.
- b) Permanecer o local cerrado sen autorización do Concello, así como incumprir os horarios ou deixar de prestar algún servizo.
- c) O impago do canon nos prazos establecidos, outorgándose neste caso ó adxudicatario un prazo de 15 días para desaloxar o local, coa perda da fianza e sen que teña dereito a ningunha indemnización por parte do Concello.
- d) O incumprimento do deber de conservación das instalacións e mantemento continuado dun aceptable nivel do servizo.
- f) As demais previstas na lexislación vixente de aplicación.

### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Réxime xurídico do contrato**

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas; o Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro



## **Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)**

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 – Fax 988 43 60 40

---

de 2014; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerese polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será o competente o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes

Xunqueira de Ambía, 20 de setembro de 2019

O alcalde,